



Declaración do Parlamento de Galicia sobre a situación dos tripulantes do *Alakrana*

Os tres grupos parlamentarios que compoñen o Parlamento de Galicia queren reiterar a declaración institucional aprobada por unanimidade no Pleno da Cámara o pasado 28 de outubro, máxime despois das graves novas que hoxe coñecemos.

Os grupos que asinamos a presente declaración amosamos a nosa máis profunda solidariedade cos 36 tripulantes do *Alakrana*, oito deles galegos, coas súas familias e coa gran familia dos traballadores do mar.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2009

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PARLAMENTO DE GALICIA SOBRE O SECUESTRO DO *ALAKRANA*

Van xa 26 días de secuestro de oito mariñeiros galegos, compatriotas nosos, embarcados no buque pesqueiro *Alakrana*, cun total de 36 tripulantes a bordo e de diversas nacionalidades.

O Parlamento galego manifesta a súa solidariedade cos mariñeiros secuestrados, coas súas familias e cos seus amigos, e trasládalle ao Goberno español o desexo da súa pronta liberdade, tendo como máxima prioridade garantir a vida e a integridade física de todos os secuestrados.

Querémolos na casa.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2009